

A ACCIÓN CULTURAL E POLÍTICA NOS PRIMEIROS ANOS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (1973-1982): PATRIMONIO, CIDADE, PAÍS

SANTIAGO RODRÍGUEZ-CARAMÉS
Universidade da Coruña
s.rodriguez.carames@udc.es
ORCID iD: <https://orcid.org/0000-0002-4579-0558>

Copyright: © 2025 CSIC. La edición electrónica de esta revista se distribuye bajo los términos de una licencia de uso y distribución Creative Commons Reconocimiento 4.0 Internacional (CC BY 4.0).

Cómo citar/Citation: Santiago RODRÍGUEZ-CARAMÉS, “A acción cultural e política nos primeiros anos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (1973-1982): patrimonio, cidade, país”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 72, núm. 138 (2025), 564, <https://doi.org/10.3989/ceg.2025.138.564>

A ACCIÓN CULTURAL E POLÍTICA NOS PRIMEIROS ANOS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (1973-1982): PATRIMONIO, CIDADE, PAÍS

RESUMO

Este artigo pretende ofrecer unha retrospectiva dos primeiros anos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a través dos testemuños dos seus protagonistas, das fontes xornalísticas e colexiais e dos relatos historiográficos construídos desde entón. Nado en 1973, o COAG veu suplir a falta dunha institución profesional próxima á realidade do país nun momento de crise nas grandes transformacións urbanísticas e territoriais que sufrira Galiza durante o desenvolvementismo tardofranquista. Nestes primeiros anos, o COAG –ou, se cadra, os seus membros máis activos– adoptará un forte compromiso co patrimonio e o desenvolvemento do país, así como unha posición combativa contra o franquismo e a prol da autonomía de Galiza. A través do cotexo de fontes e da análise da historiografía recente, prestarase atención a acontecementos e datos tradicionalmente esquecidos ou omitidos e que ofrecen unha pluralidade de matices sobre o verdadeiro alcance ou éxito do labor do colexio, así como as tensións e a cohesión existente no seu seo. En definitiva, desde a recente efeméride dos seus cincuenta anos de vida, arrojarase luz sobre os éxitos e os fracasos parciais, as disidencias e a transcendencia no mundo cultural e político galego do COAG nos seus primeiros anos de vida.

PALABRAS CLAVE: COAG; Transición; Antifranquismo; Fernández-Albalat; Galeguismo; SIAC.

LA ACCIÓN CULTURAL Y POLÍTICA EN LOS PRIMEROS AÑOS DEL COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (1973-1982): PATRIMONIO, CIUDAD, PAÍS

RESUMEN

Este artículo pretende ofrecer una retrospectiva de los primeros años del Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a través de los testimonios de sus protagonistas, fuentes periodísticas y colegiales y los relatos historiográficos construídos desde entonces. Nacido en 1973, el COAG vino a suplir la falta de una institución profesional próxima a la realidad del país en un momento de crisis en las grandes transformaciones urbanísticas y territoriales experimentadas por Galicia durante el desarrollismo tardofranquista. En estos primeros años, el COAG –o, quizá, sus miembros más activos– adoptará un fuerte compromiso con el patrimonio y el desarrollo del país, así como una posición combativa contra el franquismo y a favor de la autonomía de Galicia. A través del cotejo de fuentes y del análisis de la historiografía reciente, se prestará atención a acontecimientos y datos tradicionalmente olvidados u omitidos que ofrecen una pluralidad de matices sobre el verdadero alcance o éxito de su labor, así como las tensiones y la cohesión existente en él. En definitiva, desde la reciente efeméride de sus cincuenta años, se arrojará luz sobre los éxitos y fracasos parciales, las disidencias y la transcendencia del naciente COAG en el mundo cultural y político gallego.

PALABRAS CLAVE: COAG; Transición; Antifranquismo; Fernández-Albalat; Galleguismo; SIAC.

CULTURAL AND POLITICAL ACTION IN THE EARLY YEARS OF THE COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (1973-1982): HERITAGE, CITY, LAND

ABSTRACT

This article is intended as a retrospective of the early years of the Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Professional Association of Architects of Galicia) through the testimonies of its protagonists, newspaper sources and historiographical narratives. Born in 1973, the COAG came to make up for the lack of a professional institution close to the Galician reality at a time of crisis of the urban and territorial transformations of the late-Francoist developmentalism. In these early years, COAG – or its most active members – adopted a strong commitment to Galician heritage and development, as well as a combative stance against the Franco regime and in favour of Galician autonomy. Through the detailed collation of sources and recent historiography, attention will be paid to events and data traditionally forgotten or omitted to offer a plurality of nuances on the true scope or success of the work of the *colexio*, as well as the tensions and cohesion existing in its core. In short, from the recent anniversary of its fifty years of life, the article sheds light on the successes, the partial failures, the dissidences, and the transcendence of COAG in the Galician culture and politics during its early years.

KEY WORDS: COAG; Transition; Anti-Francoism; Fernández-Albalat; Galicianism; SIAC.

Como se se tratase dun aforismo, existe nas décadas finais do século XX unha valoración negativa das décadas inmediatamente precedentes: a enquistada desvinculación entre o universo profesional da arquitectura e o mundo cultural, especialmente con aquel de signo galeguista. Por veces e con algunhas excepcións, a arquitectura reducíase a unha disciplina técnica despreocupada do estado da cultura e orientada a dar resposta ás dinámicas de progreso do país, mesmo cando estas dinámicas eran destrutivas para coas cidades e o territorio. Unha situación que, seguindo a mesma teleoloxía, habería mudar no derradeiro terzo do século nun proceso de toma de consciencia que cristalizou nunha nova estrutura profesional propia. É así que en 1973 nacen a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC) e mais o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), cuxos primeiros anos percorrерemos neste texto.

Non é casual que estas heroicas historiografías, encamiñadas a relataren as metáforas e os mitos –usando as palabras de Alonso Pereira¹– que conducían ao nacemento do COAG e mais da ETSAC, fosen articuladas polos propios protagonistas destes procesos históricos, que vían nesta nova conxuntura a oportunidade histórica de reconciliar a arquitectura galega co seu medio físico e cultural². Sexa como for, o COAG e, por extensión, unha parte moi destacada dos arquitectos que comezan a traballar a finais dos sesenta e comezos dos setenta, virá paliar esta desconexión entre a arquitectura –non só desde o punto de vista da propia construción, senón tamén do pensamento e do debate– e o mundo cultural galego. Farao, ademais, desde unha posición contraria ao réxime franquista, bebendo de experiencias de calibre como o universo do Laboratorio de Formas de Sargadelos e sinalando as problemáticas ocasionadas pola ditadura no referente á arquitectura. Neste sentido, será tamén fundamental o contacto con outras experiencias xeográficas, como Italia ou Cataluña, fervedoiros das novas tendencias arquitectónicas e teóricas que puxeron en cuestión algúns mitos discursivos sobre o progreso propios do paradigma da arquitectura moderna.

Como se abordará nas seguintes liñas, a aparición do COAG supón un gran revulsivo e unha novidade no que respecta á arquitectura entendida como parte fundamental da arte e da cultura galegas, sementando un terreo anteriormente baldío e xerando un novo paradigma de debate que se estenderá máis alá do mundo da arquitectura. A través dunha selección de fitos históricos destes primeiros anos de existencia detectáranse algúns episodios habitualmente omitidos pola historiografía, así como outros cunha presenza hexemónica, como o Seminario Internacional de Arquitectura en Compostela (1976), cuxa imaxe de consagración e éxito atribuída polos principais relatos debe ser analizada máis polo miúdo.

Esta recompilación pretende ser tamén unha base para historiar o papel dos colexios de arquitectos, non só no contexto da propia disciplina, senón desde o punto de vista da historia cultural tanto galega como estatal. Nace, pois, da radiografía das historiografías xa trazadas nas revistas especializadas, en pequenas contribucións como as de Luís Mariño na *Gran Enciclopedia Galega*³ e de Rey Pichel e Costa Buján no catálogo *Gallaecia Fulget*⁴ ou en libros, entre outros, como *La recuperación de la*

¹ V. José Ramón ALONSO PEREIRA, “Metáfora y mito: tránsito entre modernidad y contemporaneidad en la arquitectura de Galicia”, en *Modernidad y contemporaneidad en la arquitectura de Galicia*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2012, páxs. 15-39.

² Como paradigma deste enfoque, v. Iago SEARA, “Arquitectura, segunda metade do XX”, en José Manuel López Vázquez e Iago Seara Morales, *Galicia. Arte. Tomo 15: Arte contemporánea*, A Coruña, Hércules, 1993 (Proxecto editorial Galicia, dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias), páxs. 322-514.

³ LUÍS MARIÑO, “Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 6, Santiago de Compostela, Silverio Cañada, páxs. 247-248.

⁴ JOSÉ MANUEL REY PICHEL e PABLO COSTA BUJÁN, “A arquitectura, unha dimensión da universidade galega. O Colexio Oficial de Arquitectos e a súa actividade cultural”, en *Gallaecia Fulget (1495-1995): cinco séculos de historia universitaria*, Santiago

modernidad: arquitectura gallega entre 1954 y 1973 (2014) de Antonio Río Vázquez –que termina precisamente coa creación do COAG e a ETSAC–, a recente *La arquitectura de Galicia: dos mil años de historia* (2023) de José Ramón Pereiro Alonso, a historia da arquitectura galega do século XX de Iago Seara no tomo XV do *Galicia. Arte* (1993) e a de José Ramón Soraluze Blond no volume II da *Historia de la arquitectura gallega: del dolmen de Dombate a la Ciudad de la Cultura* (2020) ou catálogos de exposición como *Lugar, memoria e proxecto: Galicia (1974-1994)* (1995) de Miguel Ángel Baldellou ou *Avance dunha continxencia* (2007). Como exemplos máis próximos á noción dunha historia colexial poderíanse citar *Cincuenta años de vida colegial. Crónica y análisis de medio siglo de historia del Colegio de León, Asturias y Galicia* (1982) tamén de Alonso Pereira, un percorrido desde a creación en 1931 do colexio conxunto de Galiza, Asturias e León, así como, para o caso estatal, *Los colegios de arquitectos de España (1923-1965)* (1975) de Mariano García Morales. De feito, esta escaseza de estudos destinados a abordaren as contribucións dos colexios de arquitectos ao mundo cultural dáse tamén fóra do eido da arquitectura, con algunhas excepcións como a de Xosé Ramón Barreiro, que se refería ao COAG como unha das institucións culturais máis relevantes dos anos setenta en Galiza:

El Colegio de Arquitectos mantiene asimismo una preocupación constante por defender el patrimonio histórico y artístico de Galicia y son frecuentes sus denuncias a todos los niveles de las infracciones urbanísticas que lamentablemente se cometen a diario y más lamentablemente avaladas y firmadas por algunos arquitectos...

La labor de este Colegio demuestra hasta qué punto los Colegios profesionales, sin dejar de defender sus intereses y derechos, pueden incidir en la cultura de un pueblo que no se anteponga el sentido corporativista a cualquier otra pretensión⁵.

O marco deste estudo abrírase en 1973, data de creación do COAG, e fecharase en 1982 coa aprobación do Estatuto de Autonomía. Con esta cronoloxía non se pretende debuxar unha perda de relevancia do COAG a partir desa data, senón todo o contrario. Aliás, é un punto de chegada para unha institución que demandaba retomar o proceso autonómico interrompido na guerra nuns anos de reivindicacións no ensino e exercicio da arquitectura e de compromiso con paliar a inacción institucional preautonómica en materia de urbanismo ou de salvagarda do patrimonio. Neste sentido, se ben se poderá recoñecer un espírito combativo e reivindicativo no universo colexial destes anos, outra das preguntas que se tentarán responder é até que punto ese espírito estaba estendido no conxunto do colectivo de arquitectos e até que punto tiveron un influxo institucional, social e cultural.

O NACEMENTO DO COAG E AS PRIMEIRAS EXPERIENCIAS PÚBLICAS

Das individualidades ao proxecto gremial común

Como estamos a adiantar, as xeracións de arquitectos galegos que culminaron o proxecto común dun colexio e unha escola encamiñados a ofreceren unha resposta sensíbel e real aos problemas do país non é só un punto de inflexión na articulación profesional galega, senón tamén na implicación da arquitectura no debate cultural galego. Durante a primeira metade do século XX, figuras como Manuel Gómez Román ou José Caridad Mateo⁶ tentaron establecer pontes coa cultura e a política do seu tempo, quer desde o avance do galeguismo republicano previo á guerra, quer desde o exilio –interior e exterior, respectivamente– despois da contenda. Gómez Román, refundador do Partido Galeguista na clandestinidade, figura chave na aparición de Galaxia ou membro da Real Academia Galega, e Caridad Mateo, involucrado en empresas do exilio galego como a revista *Vieiros*, son en certa medida excepcións intelectuais nas décadas precedentes á creación do COAG. Así mesmo, e malia as distancias físicas e xeracionais, a súa posi-

de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1995, páxs. 600-605.

⁵ Xosé Ramón BARREIRO FERNÁNDEZ, *Historia contemporánea de Galicia: ideología y cultura*, Bilbao, La Gran Enciclopedia Vasca, 1983, páxs. 426-427 (Serie *Historia de Galicia*).

⁶ Sobre estas dúas figuras, v. Santiago RODRÍGUEZ CARAMÉS, “Arquitectura e militancias aquí e alén; a imaxe de Galiza e a modernidade en Caridad Mateo e Gómez Román”, *Mazarelos: revista de historia e cultura*, 2 (2020), páxs. 29-40.

ción política, traducida no seu apoio ao proceso autonomista previo a 1936, é a simbólica premonición do espírito reivindicativo que embriagará o mundo da arquitectura galega durante a Transición.

Após estas parénteses xeracionais, e nunha conxuntura de asunción dos postulados da arquitectura moderna durante a etapa desenvolvementista tardofranquista, as xeracións de profesionais que a partir dos anos cincuenta voltaban á terra para exercer logo de estudaren en Madrid en Madrid encontraban unha situación de fonda transformación do medio e as súas conseguíntes problemáticas. Isto, xunto cunha *toma de conciencia de una realidad cultural propia en la arquitectura y las artes plásticas*⁷ de arquitectos como Xosé Bar Bóo ou Andrés Fernández-Albalat, dous dos grandes renovadores da arquitectura galega desde mediados dos anos cincuenta, permitirá este achegamento da arquitectura á cultura e á política. Será precisamente a través de Fernández-Albalat que se estableza a vinculación da arquitectura cunha das principais empresas culturais que coñeceu Galiza en todo o século XX: o universo do Laboratorio de Formas, Sargadelos e Isaac Díaz Pardo⁸. Non é en van que Albalat será practicamente o arquitecto “oficial” de Díaz Pardo, tanto do complexo do Castro de Samoeiro (1970) como da planta de Sargadelos (1967) (Fig. 1), núcleos irradiadores da cultura galega destes anos, herdeiros e pontes co galeguismo histórico en que os arquitectos terán un papel salientado.



Fig. 1. Andrés Fernández-Albalat, fábrica de cerámicas de Sargadelos (1967), detalle.

Así, un fito na articulación dos debates profesionais partillados entre a arquitectura e outros eidos da cultura foi o IV Seminario Sindical de Deseño Industrial (maio de 1970), que, embora convocado desde as institucións estatais franquistas, foi un fervedoiro de galeguistas e personaxes comprometidas

⁷ ALONSO PEREIRA, “Metáfora y mito...”, pág. 19.

⁸ Véxase sobre esta cuestión Daniel BEIRAS GARCÍA-SABELL, “A arquitectura da ruptura”, n’*As miradas de Isaac. Centenario de Isaac Díaz Pardo (1920-2020)*, Santiago de Compostela, Fundación Cidade da Cultura, 2020, páxs. 215-235; Antonio Río VÁZQUEZ, “El Laboratorio de Formas de Galicia: reconstruyendo la identidad regional a través de la arquitectura”, *ZARCH. Journal of Interdisciplinary Studies in Architecture and Urbanism*, 3 (2015), páxs. 30-41; e Antonio Río VÁZQUEZ, *La recuperación de la modernidad: arquitectura gallega entre 1954 y 1973*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2014.

co país⁹. Entre os seus participantes rexístrase unha ampla nómina de arquitectos novos incorporados á actividade profesional ao longo dos sesenta e que protagonizarían as dinámicas de agrupación colectiva tres anos despois co nacemento do COAG: César Portela, Rafael Baltar, Xosé Manuel Casabella, Arturo Conde, Carlos Meijide, Andrés Reboredo ou Manuel Gallego, así como Fernández-Albalat ou outros arquitectos de renome estatal como Antonio Fernández Alba. Ao longo deste seminario rexístranse algúns dos debates existentes no mundo da creación artística galega –tamén na arquitectura– deste momento, debates dirixidos á conciliación entre as linguaxes tradicionais e a contemporaneidade. Ademais, entre as conclusións e achegas realizadas polos arquitectos participantes, aparece unha proposta que se acabaría materializando anos despois: a creación dun museo etnográfico para o estudo e a difusión da cultura tradicional galega, unha idea lanzada por Manuel Gallego que vería a luz a través do Museo do Pobo Galego¹⁰.

A promesa de escisión e a constitución do colexio

Até a aparición do COAG, ningunha outra institución foi capaz de atinxir con suceso o conxunto da profesión en Galiza. Institucións como o Seminario de Estudos Galegos, a pesar da vinculación –tardía, en calquera caso– de Gómez Román, foron incapaces de orquestrar espazos de debate arquitectónico amplos e integrais. Sendo así as cousas, o precedente máis claro é a Asociación de Arquitectos de Galicia, unha institución nada para defender os dereitos dos arquitectos nun tempo en que eran constantes os litixios contra os mestres de obras, unha figura daquela en vías de extinción¹¹. Para alén destes ensaios “gremiais”, non será até 1931 cando apareza o primeiro colexio profesional para o ámbito xeográfico noroeste, un primeiro colexio que abranguíña Galiza, Asturias e León¹² e que nace nos tempos de introdución do Movemento Moderno no panorama arquitectónico estatal. En efecto, o nacemento do COAG prodúcese a partir dunha anunciada escisión dos colexiados galegos do antigo colexio noroeste como forma de crearen unha nova institución colexial máis próxima e coñecedora das particularidades do país, na detección dos axentes implicados na degradación do medio urbano e territorial galego, na dinamización da vida profesional e na implicación activa na cultura¹³. –

Esta converxencia de novos profesionais, desde os pioneiros Bar Bóo e Albalat aos máis novos, e os desexos de crear paradigmas alternativos ao exercicio profesional anterior, unido á oposición política que se reflicte en moitos deles –e que, por extensión, se manifestará ou confundirá en ocasións coa liña “oficial” do colexio–, permite o impulso cara ao nacemento de institucións colexiais e escolares propias. Como dicíamos, a promesa de escisión galega do vello colexio estaba explicitamente recollida no propio programa con que Albalat concorria ás eleccións ao decanato en marzo de 1973. A vitoria de Albalat achandou o terreo para que, durante os seguintes meses, unha comisión formada por Xosé Bar Bóo, Miguel Silva, César Portela e Andrés Reboredo elaborase os estatutos e estrutura organizativa do novo colexio, cuxa asemblea constitutiva se celebraría o 19 de outubro de 1973 no Hostal dos Reis Católicos de Santiago. Nela, Fernández-Albalat sagrariase como primeiro decano.

As vías de actuación do novo colexio eran sintetizadas na *Gran Enciclopedia Galega* por Luís Mariño en tres puntos: a) presenza do colexio na xestión do planeamento, b) a denuncia de infraccións

⁹ Para rastrexar a presenza de arquitectos no programa do Laboratorio de Formas, v. Begoña SONEIRA BELOSO, *Unha ollada ó Laboratorio de Formas ós 44 anos da súa creación: un emprendemento pensado por exiliados no Río de la Plata*, Sada, Edicións do Castro, 2007.

¹⁰ O informe sobre o desenvolvemento do seminario está incluído en LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA, *Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia*, 1, Sada, Edicións do Castro, 1970.

¹¹ Neste sentido, unha das iniciativas máis sonadas desta asociación foi a querela interposta contra Jenaro de la Fuente Domínguez, mestre de obras que foi nomeado como facultativo local de Vigo, feito que orixinou o litixio relatado por Xosé Ramón IGLESIAS VEIGA, “Conflictos entre titulados: mestres de obras e arquitectos na cidade de Vigo (1800-1925)”, *Glaucopis: boletín do Instituto de Estudos Vigueses*, 2 (1996), páxs. 185-203.

¹² Sobre a historia deste colexio, v. José Ramón ALONSO PEREIRA, *Cincuenta años de vida colegial. Crónica y análisis de medio siglo de historia del Colegio de León, Asturias y Galicia*, Oviedo, Colegio Oficial de Arquitectos de Asturias, 1982.

¹³ No final da Guerra Civil tan só vinte e cinco arquitectos tiñan a residencia en Galiza –dun total de mil a nivel estatal– e, no momento de constitución do COAG, eran 120 dos 5000 presentes en todo o Estado. ALONSO PEREIRA, “Metáfora y mito...”, pág. 38.

urbanísticas e c) actuacións culturais¹⁴. Para o seu funcionamento orgánico interno, o COAG canalizará os seus esforzos a través dunha serie de comisións, entre as cales destaca a de Cultura, creada a petición de Manuel Gallego e que resultou ser unha das máis activas e comprometidas durante estes primeiros anos¹⁵. Como se vén dicindo, a Comisión de Cultura catalizará boa parte das mudanzas profesionais colectivas no novo colexio, respondendo esta potenciación ao que viña demandando o Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España (CSCAE) para *adecuar la mecánica colegial a las demandas crecientes de la sociedad en general y de la profesión en particular*¹⁶. En paralelo á constitución desta comisión, o COAG viña xa desenvolvendo a campaña pola defensa do Castromil, tiña celebrado un curso en Vigo no verán de 1974 e estaba a nutrir a súa biblioteca¹⁷, tarefas que irá asumindo a comisión tras a ratificación da súa creación en febreiro de 1974 e coa aprobación dos seus estatutos en decembro. A Xunta de Goberno establecía como obxectivos do novo colexio: a) a dotación dun servizo de información e consulta, formación e fomento da participación dos colexiados, b) o papel de informar e auxiliar a Xunta de Goberno en cuestións que lle foren solicitadas polas administración e presentar propostas ante elas e c) a posta a disposición da sociedade dun servizo que poña de relevo as problemáticas da arquitectura, o urbanismo e o deseño¹⁸.

Así, o COAG reaccionaba ante as lóxicas máis destrutivas dos últimos tempos do franquismo, tales como o crecemento descontrolado das cidades, a alteración de contornas naturais ou a desaparición do patrimonio histórico ocasionada por un ideal de progreso baseado no beneficio das elites económicas urbanas. Neste sentido, o labor colexial sitúase nunha posición comprometida contra os poderes fácticos do réxime, ademais de adquirir unha retórica ás veces de profunda oposición política e reivindicación dos dereitos de autonomía de Galiza. Axiña, o COAG promoveu unha actividade cultural e unha serie de contactos para aumentar o protagonismo do gremio da arquitectura no quefacer patrimonial, como, por exemplo, as entrevistas que mantiveron en novembro dese ano con Manuel Chamoso Lamas, Comisario de Patrimonio Artístico en Compostela. Un dos obxectivos que se perseguían era o beneplácito da Comisión Provincial de Belas Artes para a obtención dunha sede de marcado carácter histórico para o colexio¹⁹. Se cadra como anticipo da capitalidade de Compostela coa aprobación do Estatuto de Autonomía²⁰, o COAG escollerá a cidade para instalar a súa sede central, primeiro na rúa de Montero Ríos e finalmente na barroca Casa da Conga.

Xa Gómez Román, durante o seu discurso de entrada na Real Academia Galega, reivindicaba a necesidade de fundar unha escola de arquitectura en Compostela ao ser esta un «Museo de Arquitectura» imprescindible para quen quixer coñecer e exercer a profesión no país²¹. Porén, a ETSAC radicaría na Coruña por causa das xestións, patrocinio e financiamento de Pedro Barrié de la Maza, se ben a localización escollida causou un fondo debate e enfrontamento entre as cúpulas de colexio e escola. Xosé Manuel Casabella, neste sentido, alega que neste proceso puido influir tamén o interese de deslocalizar algúns centros da universidade fóra de Compostela, cidade moi axitada desde maio do 68, e que deixou sen interese e posibilidade de financiamento a proposta doutros arquitectos de crearen unha escola privada en Compostela con Félix Candela como director²². Estas disidencias agromarían na III Reunión dos Arquivos Históricos –de que se falará deseguido–, en cuxa rolda final os representantes do COAG declaraban o seguinte:

¹⁴ Mariño, “Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia”, páxs. 247-248.

¹⁵ V. COMISIÓN DE CULTURA, “Comisión de cultura: feliz aniversario!”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].

¹⁶ “Informe para a constitución da Comisión de Cultura”, *Boletín informativo*, 2 (febreiro de 1974), [s. p.].

¹⁷ As adquisicións desta incipiente biblioteca poden ser atopadas no *Boletín informativo* e, a partir de 1976, no *Boletín* da propia Comisión de Cultura.

¹⁸ “Informe para a constitución...”, [s. p.].

¹⁹ “Informe do decano sobre a Xunta de Goberno de 4 de decembro de 1973”, *Boletín informativo*, 1 (xaneiro de 1974), [s. p.].

²⁰ Iago SEARA, “Arquitectura de avangarda en Galicia: dos anos trinta aos nosos días”, *Galicia internacional*, 12 (1996), páxs. 82-83.

²¹ Manuel GÓMEZ ROMÁN, “Discurso de entrada na Real Academia Galega”, *Obradoiro*, 17 (1990), pág. 19.

²² Xosé Manuel CASABELLA LÓPEZ, “Os primeiros cursos da Escola”, en Antonio Río Vázquez (ed.), *Idoc: documentos da escola técnica superior de arquitectura da Coruña*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2009, páxs. 5 e 9-11.

Enterados de la futura creación de una Escuela de Arquitectura en Galicia, estimamos oportuno manifestar la conveniencia de radicar dicho Centro en Santiago, por reunir esta ciudad una serie de características que la califican definitivamente para ello. La gran importancia arquitectónica de su casco antiguo, que la convierte en una lección constante de arquitectura; la singularidad del conjunto monumental de su casco, hecho urbano de significación internacional; el constituir esta ciudad tradicionalmente el centro cultural de la región gallega; la existencia de edificios de gran importancia arquitectónica, sin uso definido, permitiría la rápida y económica instalación de la citada Escuela a la vez que la reutilización de un casco antiguo, tema central de estas jornadas de trabajo, y la existencia en Santiago de Compostela de la sede central del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, permitirían establecer unas relaciones muy provechosas para la enseñanza de la arquitectura. Finalmente, la referida significación de Santiago posibilitaría una Escuela de Arquitectura de Galicia de rango internacional al estilo de la establecida en Venecia, ciudad de características similares²³.

Sexa como for, o COAG descentralizouse desde os comezos. Ás catro delegacións provinciais e mais a central que se contemplaban no Decreto de creación uniríanse mais dúas delegacións en Vigo e Ferrol.

O novo colexio ante a profesión e a sociedade: da III Reunión de Archivos Históricos ao “Caso Castromil”

Desde os seus comezos, o COAG promoveu un inédito percorrido de actividades e intercambio científico e profesional con conferencias, seminarios ou cursos que tiveron bastante repercusión na prensa da época. Un dos primeiros grandes acontecementos foi a acollida, por parte do nacente colexio, da III Reunión dos Archivos Históricos dos Colexios de Arquitectos de España, un encontro promovido polo CSCAE e celebrado –mais unha vez– no Hostal dos Reis Católicos²⁴ entre o 10 e o 15 de decembro de 1973, é dicir, escasos meses despois da fundación do COAG. As xornadas, que anteriormente viñan de ser celebradas en Palma e València, versaron sobre o estado de conservación dos cascos históricos españois, coa destacadísima presenza do italiano Aldo Rossi²⁵ como gran renovador teórico a nivel internacional e que xa desde antes de 1966, ano en que publica a súa magna *L'architettura della città*, viña visitando diversos territorios de todo o Estado²⁶. Para alén de correren no Hostal, as actividades da reunión deslocalóronse ao traballo de campo nas Rías Baixas, onde os asistentes puideron durante dous días analizar as *formas de asentamiento y distribución de la población, así como por la problemática que tiene planteada la zona en relación con la instalación de determinadas plantas industriales que pueden perjudicar, en gran medida, el racional aprovechamiento de la riqueza natural de las rías*²⁷. Após esta saída, o Hostal acollería conferencias de Fernando Pulín ou Aldo Rossi, quen repetiría

²³ “Clausurada en Santiago la III Reunión de Archivos Históricos de Colegios de Arquitectos”, *La Voz de Galicia* (16-12-1973), páx. 12.

²⁴ Para Río Vázquez, quen sitúa as intervencións en Compostela para o Ano Santo de 1954, entre elas a rehabilitación do vello hospital como Parador, como un dos puntos de inflexión na recuperación da modernidade na arquitectura galega, resulta simbólico que as primeiras reunións celebradas ou organizadas polo COAG fosen neste edificio. De feito, a cronoloxía que emprega para este período da arquitectura galega abrangue precisamente desde 1954 e até 1973, ano do nacemento do colexio e mais a escola. Río VÁZQUEZ, *La recuperación...*, páx. 312.

²⁵ Para a vinculación de Aldo Rossi con Compostela e Galiza, v. Antonio Río VÁZQUEZ, “‘Todo Santiago era un SIAC’. Aldo Rossi en Galicia: presencia e influencia”, *Varia*, 3 (2022), páxs. 134-143; e Santiago RODRÍGUEZ CARAMÉS, “As conexións italiana e catalá na arquitectura galega de fin de século: a recepción de Aldo Rossi (1973-1997)”, *Quintana: revista do Departamento de Historia da Arte*, 22 (2023), páxs. 1-31.

²⁶ De feito, para Tarragó, aínda que non tivesen ficado reflectidas n’*A arquitectura da cidade*, as experiencias galegas de seguro inspiraron o arquitecto durante a súa redacción, como testemuñarían unha carta de 1966, onde se refire a Galiza como unha das paisaxes máis belas da súa viaxe española, ou nos seus *quaderni azzurri*, unha serie de cadernos de notas con múltiples referencias ao país e a Compostela. Salvador TARRAGÓ I CID, “Aldo Rossi o la construcción dialéctica de la arquitectura”, *2C: construcción de la ciudad*, 2 (1975), páx. 6.

²⁷ “Informe da reunión”, *Boletín informativo*, 1 (xaneiro de 1974), [s. p.].

comunicación nunha curiosa experiencia en Lugo²⁸, e as xuntanzas dos equipos de traballo, que recompilaron materiais de estudos de caso –entre eles Pontevedra grazas ao labor de Alfonso Álvarez Mora– para a elaboración final dun documento que contrastase a *validade del método adoptado* como paso para o *establecimiento de una teoría de intervención en los cascos antiguos*²⁹. Este documento, que recibiu o nome de “Declaración de Santiago”, foi lido nunha rolda de prensa final con Salvador Tarragó –do colexio catalano-balear e que haberá manter unha estreita relación co colexio galego– e Albalat e Portela como decano e secretario do COAG, respectivamente. A reunión non só serviu para situar o COAG no debate profesional e público, como mostra o seguimento da prensa³⁰, senón que resulta premonitorio doutras experiencias que porán o foco sobre un dos aspectos disciplinares que despertará máis interese no mundo colexial e escolar galego: a lectura e a rehabilitación da cidade histórica.

Após a reunión dos seus Arquivos Históricos, o CSCAE celebrou as súas eleccións en xaneiro de 1974, uns comicios en que saíra reelixido como presidente Juan González Cebrián, un arquitecto con moita vinculación con Galiza –de feito, será decano do COAG entre 1979 e 1981– que recibiu o apoio do colexio galego³¹. Froito deste apoio, o CSCAE escollería Compostela para a celebración do seu pleno extraordinario 11 e 12 de febreiro³², un novo acontecemento que demostra a rápida proxección estatal do COAG. Entre as liñas deste plenario pódense atopar outras cuestións fondamente debatidas no seo colexial nestes tempos, como as problemáticas dos visados urbanísticos, marcos insuficientes e só orientativos para a planificación urbana das cidades; as incompatibilidades dos arquitectos oficiais para asumiren encargos privados, algo en que o COAG asumiu unha posición moi combativa e con ampla difusión³³; e a desconformidade co proxecto de Lei de Colexios Profesionais, especialmente na negativa a prestar xuramento ao entenderen que ía contra o principio de autonomía dos colexios³⁴.

Esta proxección da arquitectura galega a través das primeiras actividades do COAG permitiu un maior intercambio de metodoloxías, intereses e vías de acción que, de manterse illamento galego interno e externo, sería difícil ter podido integrar. Neste intercambio, as experiencias italiana e catalá serán fundamentais. Un exemplo disto é a xa citada campaña a favor da salvación do edificio Castromil, o afamado edificio de Rafael González Villar da Praza de Galicia de Compostela que ía ser demolido precisamente para a abertura da praza e a construción dun aparcadoiro subterráneo. Efectivamente, durante a reunión de 1973, Salvador Tarragó comentoulle a Carlos Almuíña a posibilidade de realizar un informe histórico para iniciar o proceso de protección, seguindo o exemplo de outro informe realizado por Tarragó para a salvagarda da casa de Rubió i Bellver en Barcelona. Este informe foi enviado á Dirección Xeral de Belas Artes en xaneiro de 1974³⁵, o que xerou un intenso debate na imprensa. Xeralmente, estas opinións eran moi críticas coa actitude do COAG³⁶, ao que se etiquetaba de oportunista,

²⁸ Para a intrahistoria da conferencia de Lugo, v. César PORTELA, “Una conversación pausada entre Carlos Martí y César Portela”, en Carlos Martí Aris (ed.), *Cementerio Municipal en Fisterra, 1997-1999*. César Portela, Almería, Colegio de Arquitectos de Almería, 2010, páxs. 15-28.

²⁹ “Declaración de Santiago”, *Boletín informativo*, 1 (xaneiro de 1974), [s. p.].

³⁰ V. *La Voz de Galicia*, 13 a 16-12-1973; *El Ideal Gallego*, 14 a 15-12-1973; *El Correo Gallego*, 13-12-1973; *El Progreso*, 16-12-1973; e o informe publicado no *Boletín informativo*, 1 (xaneiro de 1974).

³¹ González Cebrián remitiu unha carta de agradecemento ao COAG polo apoio amosado á súa candidatura, como se recolle no informe do decano de 7 de decembro de 1973 (*Boletín informativo*, 1, xaneiro de 1974).

³² O pleno do CSCAE apareceu no *El Correo Gallego*, 13-02-1974; *El Ideal Gallego*, 13 e 15-02-1974; e *La Voz de Galicia*, 8, 10, 12, 13 e 15-02-1974.

³³ Sobre o tema das incompatibilidades, os acordos do COAG foron suspendidos en Consello de Ministros, o que iniciou un proceso xudicial en que a Audiencia Provincial da Coruña terminou por dar a razón ao colexio. MARIÑO, “Colegio Oficial...”, pág. 248. Ao longo do proceso, a prensa galega estivo moi pendente das diferentes resolucións do colexio: *El Correo Gallego*, 12-11-1974; *El Ideal Gallego*, 22-09-1974; *Faro de Vigo*, 22-09-1974; *Ferrol Diario*, 22-09-1974; e *La Voz de Galicia*, 22-09-1974 e 22-10-1974.

³⁴ “Finalizó sus reuniones en Santiago el Consejo Superior de Arquitectos de España”, *La Voz de Galicia* (13-02-1974), pág. 9.

³⁵ Carlos ALMUÍÑA, “O caso do edificio Castromil”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].

³⁶ Por cuestións de espazo non se pode citar o grande volume de pezas hemerográficas sobre esta cuestión, remitíndose a Francisco MACÍAS, *De Quiqui Bar... a Castromil*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago; Edicións Positivas, 2017; e a Santiago RODRÍGUEZ CARAMÉS e Jesús Ángel SÁNCHEZ GARCÍA, “Edificio Castromil (Santiago de Compostela)”, en Jesús Ángel Sánchez García, Alfredo Vigo Trasancos e Julio Vázquez Castro (eds.), *Arquitecturas añoradas. Memoria gráfica del patrimonio destruido en Galicia*, Gijón, Trea, 2023, páxs. 583-600.

de ir en contra do progreso, de defender a permanencia dun edificio que *desentoaba coa estética pétrea da cidade* ou de se opor á creación de espazos públicos. Ademais, desde a corporación municipal, moi belixerante co colexio, iniciouse unha campaña que, probabelmente, tivo que ver cos cambios de parecer da Dirección Xeral de Belas Artes, propensa inicialmente á súa declaración como monumento histórico-artístico pero que logo amparou a súa demolición.

Sexa como for, este caso constitúe un antes e un despois na reivindicación patrimonial, cunha implicación sen precedentes no caso galego. Entre as moitas iniciativas cómpre salientar unha carta asinada por 48 arquitectos de todo o Estado e remitida á prensa compostelá³⁷, a celebración dunha mesa redonda para expor as razóns da campaña, a aparición do edificio nun especial de *Construcción, Arquitectura, Urbanismo* (núm. 33, 1975) sobre arquitecturas en perigo a nivel estatal ou unha exposición dedicada a González Villar (Fig. 2) na antesala da súa demolición, que tivo lugar en setembro de 1975³⁸. Malia o triste final, esta experiencia do Castromil sentou un precedente en termos de defensa dun patrimonio histórico, unha liña de acción que, desde este intre, constituíu unha prioridade para o novo colexio.




Fig. 2. Portada do catálogo da exposición *Rafael González Villar e a súa época* (Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos; Grupo Brais Pinto, 1975).

A CONSOLIDACIÓN DAS SINERXÍAS CULTURAIS, PROFESIONAIS E POLÍTICAS

Entre o papel cultural e a reivindicación política: posicións e enfrontamentos no COAG

A notoriedade obtida durante os seus primeiros meses de vida ante o resto da profesión a nivel estatal e ante a sociedade irá en aumento durante os seguintes anos, especialmente coa consolidación orgánica da Comisión de Cultura a finais de 1974 e a súa posta en funcionamento total en 1975. Axiña, tanto a Comisión de Cultura como o propio COAG colocarán no debate público as principais problemáticas urbanísticas ou patrimoniais do momento. No referente ao urbanismo, por exemplo, o proxecto de reforma da Lei de Solo, que vería a luz finalmente en 1976, suscitaba o desacougo dentro da profesión, un sentimento que será canalizado polo COAG a través da celebración dun ciclo de conferencias titu-

³⁷ “Escrito de cuarenta y ocho arquitectos sobre el edificio ‘Castromil’”, *La Voz de Galicia* (22-05-1974), páx. 9; e “La conservación del edificio ‘Castromil’ en Santiago”, *Diario de Pontevedra* (23-05-1974).

³⁸ Froito do labor para elaborar o informe sobre o Castromil e para a preparación desta exposición xorde tamén un catálogo fundamental no achegamento historiográfico á figura de González Villar. V. *Rafael González Villar e a súa época*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos; Grupo Brais Pinto, 1975.

lado “Urbanismo y la Ley de Suelo” en abril de 1975 ou a participación de moitos arquitectos galegos nun especial sobre Galiza na revista *Ciudad y territorio* (núms. 23-24, 1975). O director desta revista, Fernando Terán, foi de feito un dos convidados a este ciclo de conferencias, en que, pondo o foco nas administracións, criticou o facto das cidades teren pasado *de ser las más bellas del mundo a ser las más feas* por mor da especulación urbanística³⁹.

No tocante á defensa do patrimonio, o fracaso da campaña pola defensa do Castromil non desanimou os colexiados máis involucrados nos labores culturais do colexio. Naquel especial de *Construcción, Arquitectura, Urbanismo* en que se presentaba un Castromil xa sentenciado recollíase mais unha arquitectura que estaba en perigo de continuar o ronsel do edificio compostelán: La Terraza de Sada, o pavillón modernista de Antonio López Hernández orixinalmente construído nos Xardíns de Méndez Núñez (Fig. 3). Xa durante a causa do Castromil, o Arquivo Histórico do COAG realizara un primeiro informe sobre o edificio, o cal serviría de base para a exposición que se organizaría dous anos despois no Kiosco Alfonso (1976), outrora edificación veciña do edificio sadense. Durante a inauguración, Xosé Bar Bóo, que viña de substituír Albalat como decano do COAG, volvía facer fincapé nalgúns argumentos que se viñan defendendo desde a Reunión dos Arquivos Históricos de 1973, como a necesidade de protexer os edificios con menos de cen anos de antigüidade⁴⁰.



Fig. 3. Antonio Hernández López, La Terraza (1912), interior.

Con todo, a denuncia dos excesos do progreso e a súa pegada no urbanismo e a perda patrimonial non se traducía nunha renuncia aos aspectos progresistas da arquitectura moderna nin aos seus pioneiros dos anos trinta, moitos dos cales sufriran nas décadas anteriores o exilio. Deste xeito, nun esforzo de reconstrución histórica do legado moderno, en xuño de 1975 celébrase en Santiago un ciclo de conferencias de tres deses arquitectos exiliados e retornados a España en diferentes momentos da ditadura: Antonio Bonet Castellana, Josep Lluís Sert e Félix Candela⁴¹. A orixe desta iniciativa foi a encomenda a Miguel Ángel Baldellou, arquitecto madrileño que anos antes fora o grande descubridor das novas xeracións da archi-

³⁹ “En quince años nuestras ciudades han dejado de ser las más bellas del mundo para convertirse en las más feas”, *La Voz de Galicia* (26-04-1975), páx. 15.

⁴⁰ Ana PÁRAMO, “Inaugurada la exposición sobre ‘La Terraza’ de Sada”, *La Voz de Galicia* (11-08-1976), páx. 24.

⁴¹ No tocante á volta de arquitectos exiliados, José Caridad Mateo tamén visitará Galiza en xuño de 1987.

itectura galega nun texto na revista *Hogar y arquitectura*⁴², da organización dun “curso en Santiago”⁴³ en outubro de 1974. Como noutras ocasións, a escasa implicación dos colexiados na planificación⁴⁴ obrigou a adiar o evento, que se celebrou finalmente en maio de 1975 aproveitando o Congreso da Unión Internacional dos Arquitectos (UIA) que ía correr en Madrid nesas datas (Fig. 4). Para Baldellou, o retorno dos exiliados era un deber moral que debían asumir os colexios como *colectivo que basaba su coherencia en la defensa de la ética profesional y civil, más allá de los intereses económicos o de clase*⁴⁵. Con Franco aínda vivo, non cabe dúbida da aposta valente que exercía o colexio, unha iniciativa que excedía o simbólico para se traducir nunha restitución efectiva duns profesionais esquecidos despois da guerra. En efecto, Sert impuxera como condición para participar como relator no Congreso da UIA a reposición do seu título de arquitecto en España –anulado tras a guerra–, unha noticia que lle foi transmitida, como organizador das conferencias de Santiago, polo propio Baldellou⁴⁶. Para alén da presentación da súa obra, *a homenaxe que se considerou máis apropiada*⁴⁷ polo colexio, o debate xurdido deste encontro serviu para voltar a traer sobre a mesa cuestións como as incompatibilidades ou a oposición ao anteproxecto de Lei de Colexios Profesionais, así como cuestións relativas ao urbanismo e á ordenación do territorio⁴⁸. Como noutros fragmentos destes anos iniciais do colexio, a intrahistoria deste encontro fala tamén dos contactos tecidos na época, revelando a significancia historiográfica que posúen as lembranzas dos arquitectos que compartiron paseos e excursións con estes mestres durante a súa estada. Así operan estes dispositivos da memoria no propio Baldellou, que mantivo o contacto anos despois:

*Entre ellos, un paseo nocturno con Sert por la plaza de la Quintana, silenciosa y vacía, en la que sólo se escuchaban nuestros pasos en su monumental espacio de piedra. O las emotivas dedicatorias de Candela y de Sert en sus monografías. O cómo Candela viajando conmigo camino de Combarro me hablaba de su memoria de España. Después de aquello, seguí viendo a Bonet de forma habitual. Me vi con Candela en varias ocasiones. En Santiago me dijo: qué valor tienes al organizar este Encuentro [...]. Sert me envió desde entonces cariñosos recuerdos navideños y alguna carta breve*⁴⁹.



Fig. 4. Bonet, Sert e Candela no encontro de Santiago (1975). *Arquitectura*, 303 (1995), páx. 21.

⁴² Miguel Ángel BALDELLOU, “Panorama de la arquitectura actual en Galicia”, *Hogar y arquitectura*, 96 (1971), páxs. 16-54.

⁴³ “Información da Comisión de Cultura”, *Boletín informativo*, 4 (abril de 1974), [s. p.]. Solicitouse a Baldellou a selección dunha serie de temáticas e orzamentos a escoller segundo os intereses, como informa a comisión en setembro (*Boletín informativo*, núms. 8-9, 1974).

⁴⁴ COMISIÓN DE CULTURA, “Comisión de cultura...”, [s. p.].

⁴⁵ Miguel Ángel BALDELLOU, “Del exilio y otras soledades”, *P+C, proyecto y ciudad. Revista de temas de arquitectura*, 9 (2018), páx. 77.

⁴⁶ BALDELLOU, “Del exilio...”, páx. 77.

⁴⁷ Rafael BALTAR TOJO, “Encontro Santiago: Sert-Bonet-Candela”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].

⁴⁸ “Rueda de Prensa con los arquitectos Antonio Bonet y Félix Candela”, *La Voz de Galicia* (20-05-1975), páx. 13.

⁴⁹ BALDELLOU, “Del exilio...”, páx. 78.

Resulta indubidábel pois o compromiso político dalgúns integrantes do COAG durante os axitados anos da transición ao Estado das Autonomías. Como exemplo deste compromiso, cabe destacar dous comunicados emitidos na véspera do 25 de xullo de 1976, Día da Patria Galega, aproveitando a visita a Compostela do novo xefe de Estado, Xoán Carlos de Borbón. O primeiro, publicado o 23 de xullo, demandaba a amnistía xeral *sen ningún tipo de exclusións nin discriminacións, pros delitos de intencionalidade política e de natureza sindical* co fin de garantir as *liberdades políticas, sindicais e nacionais dos diversos pobos do Estado español*⁵⁰. No propio día grande de Galiza, o COAG envía outro comunicado que exprime o compromiso colexial co proxecto autonómico truncado pola guerra, denunciando o *proceso de marxinação e dependencia que a enfronta hoxe a unha situación tal que esixe medidas radicais*⁵¹. Se, como se afirmaba con anterioridade, a aparición dun colexio e escola propias tiña como fundamento un achegamento máis xenuíno ás problemáticas concretas do país, o COAG non se mostraba vacilante á hora de recoñecer que a falta de autonomía política agravaba eses problemas, entre os que se destacaban a falta de representación das estruturas territoriais tradicionais nos órganos de administración, a non adaptación da Lei do Solo á complexa realidade do país, o asentamento indiscriminado de industrias, o desamparo do sector primario, a inmigración, a concentración poboacional no eixo atlántico, a falta de rehabilitación arquitectónica no rural, a degradación do medio ambiente, a falta de protección patrimonial ou mesmo a necesidade de normalizar a lingua galega.

Porén, cabe dicir que este tipo de manifestacións en que se alode ao *dereito de autodeterminación* ou de conquista dos *medios de produción* non representaba o conxunto dos colexiados galegos, senón que reflicten o posicionamento de arquitectos que, como César Portela, tiñan moita relación coa militancia soberanista deste tempo. Neste sentido, Tarragó lembra como Bar Bóo como decano e Portela como secretario tiveron que enfrontarse a unha parte importante do colexio por mor da súa aposta valente a prol da defensa da nación e da lingua galegas. Segundo el, do mesmo xeito que unha parte do colexio valoraba a súa aposta democratizadora e autonomista, manifestada en eventos como as “Xornadas sobor das alternativas autonómicas” (xuño de 1978), outra parte denunciaba estas estratexias como unha deriva que ía en contra dos propios intereses da profesión. Unha das iniciativas que máis tensionou internamente o colexio foi o compromiso decidido de Bar e Portela coas reivindicacións contra a construción da Autoestrada do Atlántico⁵², un foco de revoltas populares ao longo desta década⁵³.

Á parte das actividades ou dos posicionamentos públicos do COAG, é preciso salientar como catalizador cultural o importantísimo labor editorial, chave para a difusión dos debates e do estado da arquitectura galega deste tempo. En efecto, antes da aparición do COAG, os escasos artigos sobre arquitectos galegos e a súa obra atopábanse en publicacións de ámbito estatal, fundamentalmente editadas en Madrid ou Barcelona. Co colexio comezan a se editar publicacións periódicas e libros, ben para o coñecemento da arquitectura contemporánea galega, ben para a divulgación de todo tipo de temáticas, debates arquitectónicos e urbanísticos, atención ao patrimonio e á arquitectura rural e obras que devirían clásicos para a historiografía da arquitectura en Galiza, unha actividade en que, ademais, se evidenciaba o compromiso co fomento e a normalización do galego. No tocante a publicacións periódicas, o primeiro intento por divulgar internamente entre os colexiados información de interese dos órganos colexiais, noticias e anuncios administrativos foi o *Boletín informativo*, que operou durante os primeiros tempos como *primer paso para acceder a unas estructuras democráticas corporativas en las que la información en sentido amplio y la objetividad sean el denominador común de unas inquietudes colegiales y profesionales*. A este sucederalle o *Boletín* da Comisión de Cultura (1976-1985), cunha estrutura e contados máis elaborados dos temas de debate e os estudos que se estaban a desenvolver

⁵⁰ COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, “O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia pide amnistía xeral”, *La Voz de Galicia* (23-07-1976), pág. 19.

⁵¹ COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, “Galicia foi sometida a un longo proceso de marxinação e dependencia que a enfronta hoxe a unha situación tal que esixe medidas radicais”, *La Voz de Galicia* (25-07-1976), pág. 37.

⁵² Como análise e denuncia das dinámicas territoriais xeradas pola Autoestrada do Atlántico e outras empresas da época, v. César PORTELA, “La ordenación del territorio, el transporte y la vivienda”, en *Galicia: realidad económica y conflicto social*, A Coruña, Banco de Bilbao, 1998, páxs. 299-343.

⁵³ Salvador TARRAGÓ I CID, “X.B.B. Super Star: Xosé Bar Bóo, ciudadano y arquitecto integrales”, en *Xosé Bar Bóo: arquitecto*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1996, páxs. 25-26.

neste momento, reprodución de textos clásicos ou información de interese como as adquisicións da biblioteca colexial.

Con todo, será *Obradoiro* (1978-2012)⁵⁴ a revista de maior traxectoria temporal do COAG, a que confirmaba a fin do illamento de Galiza no debate arquitectónico e que manifestaba o absoluto compromiso co uso da lingua galega. Aínda que conviviría durante sete anos co *Boletín*, a Comisión de Cultura inauguraba a editorial do número 0 —un número «experimental»— afirmando que o *Boletín*, «unha primeira escola de aprendizaxe», chegara xa a un momento en que era «relativamente conocido e apreciado dentro do restrinxido circo dos profesionais e intelectuais de Galicia», mais que xa cumprira o seu papel. Así, *Obradoiro* debía levar a cabo dúas mudanzas fundamentais: «o seu formato e máis o seu grafismo para convertilo nunha verdadeira revista e facelo visualmente máis atractivo», así como «o seu contido, introducindo temas de maior actualidade e rebaixando abondo a dosis de academicismo do anterior»⁵⁵. Desde axiña, como acredita o número 3 (1979) dedicado ás arquitecturas construídas o ano anterior, sería o marco privilexiado para dar a coñecer a arquitectura construída tanto de arquitectos consagrados como de novos, por temáticas —a casa, a pedra, a escola, os museos, o deseño urbano etc.—, concursos e proxectos futuros, así como estudos sobre o patrimonio, a historia da arquitectura e do urbanismo galegos. Dalgún xeito, *Obradoiro* sintetizaba o estado da cuestión do debate galego e sería o escenario para a difusión de textos escritos por algún dos grandes teóricos e historiadores da arquitectura do ámbito estatal e internacional, como, entre outros moitos, Vittorio Gregotti (núm. 8, 1983), Kenneth Frampton (núm. 10, 1984) ou Josep Maria Montaner (núm. 23, 1994). Así mesmo, na mesma lóxica das interrelacións entre arquitectura e cultura, contará tamén coa colaboración de diferentes persoeiros alleos á arquitectura, como o escritor Manuel Rivas, que mesmo fixo parte da dirección da revista (1987-2000).

O COAG no mundo cultural galego: a creación do Museo do Pobo Galego

Aquela demanda de Manuel Gallego no IV Seminario Sindical de Diseño Industrial en Sargadelos sobre a necesidade dunha institución que acollese e divulgase o patrimonio etnográfico do país será asumida polo colexio nunha iniciativa que non só recolle unha vella arela do galeguismo, senón que consolidará os enlaces co mundo cultural galeguista do seu tempo. Gallego non fora a única voz a prol desta iniciativa. Neste sentido, Rafael Baltar Tojo, outro dos arquitectos que máis involucrados estarán na posta en funcionamento do museo, conta as conclusións que sacara xunto cos historiadores Justo Beramendi (secretario técnico do COAG) e Carlos García Martínez (secretario da Comisión de Cultura) durante un desprazamento ao Grove para toma de datos: *Aquel percorrido —prosegue— evidenciounos, unha vez máis, a situación de perda de valores da cultura máis tradicional de Galicia coa superposición doutros emerxentes que, sen dúbida, aínda non foran debidamente asimilados*⁵⁶. Desta maneira, co apoio de Gallego, levaron a proposta ante a Xunta de Goberno do COAG⁵⁷ para axiña convocar a través da prensa a persoeiros e institucións da cultura galega a asistiren a unha xuntanza no Hostal dos Reis Católicos:

O estudo antropolóxico i etnográfico do pasado e do presente das sociedades humáns adquiriu neste século unha grande importancia en aqueles países conscentes da súa propia identidade. Froito delo foi o establecemento de museos antropolóxicos como instrumentos axeitados pra a realización desta tarefa.

Dende fai tempo bótase en falla a existencia en Galicia dun museo deste tipo. É innecesario suliñar a riqueza etnográfica do país galego en todos os seus eidos culturais, eisi

⁵⁴ Cómpre engadir que o COAG, catorce anos despois da última publicación de *Obradoiro*, convocou en 2024 un concurso para a edición dos tres números que, nos próximos anos, van dar continuidade á revista. A proposta gañadora, «Prospectivas» (núms. 35-37), conta cunha dirección editorial formada por Manuel Bouzas, María Fandiño, Teresa Sánchez Táboas e Roi Salgueiro. No momento de revisión e edición deste artigo, o primeiro número desta serie está en proceso de edición.

⁵⁵ COMISIÓN DE CULTURA, «Presentación», *Obradoiro*, 0 (1978), pág. 2.

⁵⁶ Rafael BALTAR TOJO, «Nacemento do Museo do Pobo Galego», *Obradoiro*, 23 (1994), pág. 17.

⁵⁷ V. COMISIÓN DE CULTURA, «O Museo do Pobo Galego», *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 4 (1974), páxs. 43-47.

como a aceleración crecente do proceso de cambeo económico, social e mais ideolóxico que anda a facerse nos derradeiros anos e que provoca o estrago ou a fonda transformación dos riscos fundamentais desa cultura que, de non recollerse axiña, perderase sin remedio.

Si ben é certo que en museos provinciaes de Galicia existen salas adicadas a algunhas facianas da cultura popular e que a administración central creóu sobror do papel museos monográficos, nin aquelas nin éstas cubren nin poderán cubrir nunca, tanto polo seu carácter parcial unhas, como pola súa deficiente financiación e pola súa organización os outros, as funcións dun museo do pobo galego de carácter xeral, funcións entre as que cómpre salientar de comezo as seguintes: cadadádiva, clasificación e preservación de materiais e datos, investigación, divulgación.

Dedante da falla de iniciativa neste senso pola banda da administración, a xunta de goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a instancias da súa comisión de Cultura, decidiu nomear unha comisión pra promover a creación dun padroado constituído por aquelas institucións galegas e as persoas que polo seu carácter ou ben polas súas actividades, achense relacionadas de xeito natural co tema⁵⁸.

Á reunión, celebrada 24 de xaneiro de 1976, asistiron trinta e dúas persoas, entre elas tres personaxes vinculadas outrora co mundo do Seminario de Estudos Galegos: Filgueira Valverde, Fraguas e Xaquín Lorenzo, quen ía como *portador da delegación expresa* dun Otero Pedrayo que, xa vello, non podía asistir á xuntanza⁵⁹. Como sinal de total adhesión, Otero enviou unha carta cuxa lembranza, para Albalat, *inda [h]oxe emociona*⁶⁰: *Pro si algunha enerxía aínda me concede algún día Deus, ela ha ser empregada no servizo de Galiza e dende logo da Institución por Vdes. orgaizada*⁶¹. Non en van, a idea dun museo etnográfico galego fora unha das grandes apostas do Seminario de Estudos Galegos. Se Xocas xestionara o vello museo, desta volta faría parte como vogal da xestora que saíu desta primeira xuntanza encargada de confeccionar o esquema para o funcionamento e organización interna da nova institución, unha xestora de que Baltar foi presidente, García Martínez secretario e con Fraguas como outro vogal.

Deste xeito, consolidábanse as sinerxías existentes co mundo da cultura galega desde o novo COAG, algunhas das cales non eran novas para algunha das súas figuras principais, caso de Albalat con Díaz Pardo ou Gallego con quen foi seu mestre e *quen lle ensinou a debuxar e acrecentou a súa cultura de amor á terra, que xa herdaba do pai, [...] o etnógrafo Xaquín Lorenzo Fernández*⁶². Nesta herdanza da iniciativa lanzada por el desde o universo do SEG, Gallego reivindicará o COAG como herdeiro do vello Seminario na defensa dunhas estruturas e unha cultura tradicionais relegadas a un segundo plano ao seren asociadas ao subdesenvolvemento económico⁶³, ben como unha arquitectura popular a que se lle tiña negado a categoría de arquitectura⁶⁴. Dúas semanas despois do falecemento de Otero Pedrayo, o 24 de abril serían aprobados os estatutos e o Concello de Santiago cedería o convento de San Domingos

⁵⁸ “Créase un ‘Museo do Pobo Galego’ pra evitar o estrago da súa cultura antropolóxica i etnográfica”, *La Voz de Galicia* (31-12-1975), páx. 8.

⁵⁹ María Xosé FERNÁNDEZ CERVINO, “O Seminario de Estudos Galegos e o Museo do Pobo Galego. Unha filiación”, en Ramón Villares (ed.), *Luz na Terra: o Seminario de Estudos Galegos, unha institución de alta cultura*, Santiago de Compostela, Fundación Cidade da Cultura, 2023, páx. 214.

⁶⁰ Andrés FERNÁNDEZ-ALBALAT LOIS, “Apunte dos comezos do Museo do Pobo Galego”, *Obradoiro*, 23 (1994), páx. 16.

⁶¹ Citado en FERNÁNDEZ CERVINO, “O Seminario de Estudos...”, páx. 214; e Carlos GARCÍA MARTÍNEZ e María Xosé FERNÁNDEZ CERVINO, “A roda e a dorna. Xaquín Lorenzo e o Museo do Pobo Galego”, *Boletín da Real Academia Galega*, 365 (2004), páx. 127, <<https://doi.org/10.32766/brag.365.252>>.

⁶² Felipe Senén LÓPEZ GÓMEZ, “Orixes e orixinalidade do arquitecto Gallego Jorreto”, *Ágora do Orcellón*, 36 (2019), páx. 130.

⁶³ Manuel GALLEGO JORRETO, “A ordenación de Galicia e o Seminario de Estudos Galegos”, en *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*, Sada, Edicións do Castro, 1978 (Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia, 5), páx. 102.

⁶⁴ Manuel GALLEGO JORRETO, “O medio rural galego e a súa arquitectura”, n’ *A Galicia rural na encrucillada*, Vigo, Galaxia, 1975, páx. 87.

de Bonaval (Fig. 5) como nova sede⁶⁵, a cal sería rehabilitada por Rafael Baltar xunto cos seus compañeiros de estudo José A. Bartolomé e Carlos Almuíña. Finalmente, os órganos reitores e o Padroado serían escollidos o 31 de xullo no Colexio de Médicos de Santiago, resultando Lorenzo presidente do Padroado, Fraguas como director do museo e Baltar como presidente da Xunta Reitora, mais podendo atopar outros arquitectos como Fernández-Albalat, Gallego, Portela ou Bartolomé neste organigrama⁶⁶.



Fig. 5. Convento de San Domingos de Bonaval.

A creación do Museo do Pobo Galego pecha o círculo aberto no Laboratorio de Formas, mais a presenza e amparo de Díaz Pardo non termina aquí. A raíz da exposición organizada polo Laboratorio de Formas na Galería Sargadelos de Compostela sobre o Seminario de Estudos Galegos en 1978⁶⁷, o espírito de restituír a vella institución animou Díaz Pardo a celebrar *unha xuntanza de algúns dos preocupados deste lerio pra cambeiar impresións sobre as posibilidades futuras da vella institución de Estudos Galegos*⁶⁸, algo que cristalizaría no novo Seminario⁶⁹. Entre estes persoeiros pódense atopar Carlos García Martínez ou o propio Albalat, a quen xa unían anos de relación con Díaz Pardo.

A consolidación internacional: o COAG e a celebración do SIAC

A vinculación coa escola catalá –ou, máis ben, con parte dela dentro da súa diversidade– e con personaxes italianas como Aldo Rossi motivará algúns dos episodios máis emocionantes no que se refire á recepción de debates internacionais. A través do Grupo 2C, un dos principais axentes do deba-

⁶⁵ X. PALMEIRO, “Aprobados os estatutos do ‘Museo do Pobo Galego’”, *La Voz de Galicia* (25-04-1976), pág. 10.

⁶⁶ “Onte en Santiago constituíuse o Patronato do ‘Museo do Pobo Galego’”, *La Voz de Galicia* (01-08-1976), pág. 21; e “O Museo do Pobo Galego contará con unha asesoría económica”, *La Voz de Galicia* (17-09-1976), pág. 39.

⁶⁷ Así como do volume *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*, onde está recollido, entre outros, un texto de Gallego anteriormente aludido.

⁶⁸ Carta de Isaac Díaz Pardo a Ramón Piñeiro e outros para tentaren restaurar o vello Seminario de Estudos Galegos. Da exposición “Luz na Terra: o Seminario de Estudos Galegos, unha institución de alta cultura”, Fundación Cidade da Cultura, 2023.

⁶⁹ FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, “O novo Seminario de Estudos Galegos”, en Ramón Villares (ed.), *Luz na Terra: o Seminario de Estudos Galegos, unha institución de alta cultura*, Santiago de Compostela, Fundación Cidade da Cultura, 2023, pág. 225.

te catalán (Fig. 6), a arquitectura galega únese a unha corrente arquitectónica representada por Rossi e evidenciada na obra de arquitectos como Iago Bonet, Antonio Armesto, Pascuala Campos e César Portela. Estes arquitectos son incluídos na mostra “Aldo Rossi+21 arquitectos españoles”, que no seu percorrido itinerante chega a Santiago en febreiro de 1976. Esta exposición foi a antesala dun dos momentos clave desta consolidación colectiva da arquitectura, o Seminario Internacional de Arquitectura de Compostela. Celebrado entre 27 de setembro e 9 de outubro de 1976 en colaboración co CSCAE e a USC e mediado polas sinerxías establecidas cos ambientes catalán e italiano⁷⁰, esta iniciativa existía desde os comezos do colexio. Como xa se indicou anteriormente, o informe do decano de abril de 1974 recollía a previsión de celebrar un “Curso Internacional de Arquitectura” en Santiago, tomando como base o curso de urbanismo celebrado en Vigo ese mesmo ano⁷¹.



Fig. 6. Portada do especial de 2C: *construcción de la ciudad*, 8 (1978) sobre a actividade do Grupo 2C.

O desenvolvemento do SIAC (Fig. 7) serviu para pór sobre a mesa as propostas de reputados teóricos internacionais como Aldo Rossi, Josef Paul Kleihues, James Stirling, Carlo Aymonino ou Álvaro Siza sobre a relación coa cidade histórica, froito da crise da modernidade e da necesidade de establecer novos diálogos coa cidade herdada. Premonitoriamente, Rossi reflexionaba sobre o papel que haberían ter os monumentos nunha eventual capitalidade autonómica para Santiago⁷², así como a necesidade de integrar a periferia, os rúas, na comprensión da cidade histórica⁷³. O programa de comunicacións abordaba diferentes experiencias internacionais, algunhas de grande actualidade como as do Servizo Ambulatorio de Apoio Local (SAAL), un proceso de mellora da vivenda popular nacido durante a Revolución dos Cravos de 1974. Ademais, o seminario contemplaba a creación de grupos de traballo para elaboraren propostas de intervención sobre algunhas áreas de Compostela, propostas que se poden entender como adiantos das transformacións urbanas que se comezarán a xestar en Compostela a finais dos oitenta.

Aínda que existe un consenso xeneralizado na historiografía sobre a relevancia do SIAC⁷⁴, que obxectivamente constitúe un imponente salto cualitativo na situación da arquitectura galega, dito con-

⁷⁰ Sendo Rossi o director, entre os membros visíbeis de 2C no SIAC pódense atopar Tarragó como secretario ou Bonet e Martí na coordinación.

⁷¹ *Boletín informativo*, 4 (abril de 1974), [s. p.].

⁷² Aldo Rossi, 20. “Discurso di Santiago”. 19 luglio 76 - ottobre 76, Milán, Electa, 1999 (*I quaderni azzurri*, 20), [s. p.].

⁷³ Aldo Rossi, “Ciudad y proyecto”, en *Proyecto y ciudad histórica*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977, páx. 17.

⁷⁴ Algúns exemplos desta valorización son SEARA, “Arquitectura, segunda...”, páx. 392; Pedro de LLANO CABADO, “Arquitectura galega: mutación ou reencarnación”, *Grial*, 101 (1989), páx. 16; e José Ramón ALONSO PEREIRA, *La arquitectura de Galicia: dos mil años de historia*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2023, páx. 382-383. Este último autor afirma que as actividades desenvolvidas arredor do SIAC *sirvieron de catalizador de los impulsos de ese*

senso historiográfico debe ser matizado. Ben a través das propias actas do congreso, ben a través dalgunhas referencias na prensa especializada, as críticas ao SIAC relataban as fallas na organización, materiais e dinámicas de traballo, a falta de contacto coa cidadanía das zonas a traballar e incluso diverxencias ideolóxicas dentro do espectro esquerdista. Un dos textos máis críticos é o asinado por Bustos e Palacios Gonzalo en *Arquitectura*, onde criticaban o *espírito mesiánico* do seminario e o excesivo peso intelectual e da teorización do seminario⁷⁵, unha tendencia que para estes arquitectos estaba moi presente nas escolas de arquitectura e que provocaba unha disxuntiva entre a *arquitectura de seminario* e a *arquitectura vivida*⁷⁶. Mesmo no seo do COAG houbo discrepancias dalgúns colexiados coa Xunta de Goberno, que propiciou un *importante abstencionismo por parte de los discrepantes, lo que, unido a la subjetividad de los organizadores en la selección de los participantes, configuró una muestra tan sólo parcial del colectivo profesional en Galicia y en el resto del Estado español*⁷⁷. A pesar disto, tendo en conta o escaso tempo de vida do COAG e a economía de medios, pódese afirmar con rotundidade que o SIAC constitúe un antes e un despois na arquitectura galega. Así se manifesta nas conclusións, entre as que habería que destacar un texto en que *os arquitectos galegos* denuncian a situación do país desde unha perspectiva de marcado sinal nacionalista e de clase⁷⁸.




Fig. 7. Portada do libro de actas *Proyecto y ciudad histórica: I Seminario Internacional de Arquitectura en Compostela*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977.

Ademais dos contactos con profesionais da arquitectura a nivel estatal, xurdiron neste momento outras amizades que traerían resultados de interese nos seguintes anos. Sería o caso, por exemplo, da fotógrafa catalá Anna Turbau e do cineasta valenciano Llorenç Soler, que roda un documental sobre o desenvolvemento do SIAC. A través de Tarragó, con quen Soler xa traballara en Barcelona, este contacto

grupo generacional, cuyo conjunto desorientado había sido dado a conocer por Baldellou (ALONSO PEREIRA, “Metáfora y mito...”, pág. 31).

⁷⁵ Carlos BUSTOS e José Carlos PALACIOS GONZALO, “El seminario de Santiago”, *Arquitectura*, 201 (1976), páxs. 61 e 63-64.

⁷⁶ A estas críticas respondía a organización alegando que *en Santiago de Compostela no hemos codificado nada, ni indicado el camino a seguir; la época del CIAM y del arquitecto-brujo ha terminado con la bella ilusión de que la arquitectura resolviese los problemas estructurales*. César PORTELA, Aldo ROSSI e Salvador TARRAGÓ I CID, “Prólogo”, en *Proyecto y ciudad histórica*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977, pág. 7.

⁷⁷ Salvador FRAGA RIVAS e Julio MALO DE MOLINA: “Aldo Rossi: una alternativa progresista para la arquitectura”, *Triunfo* (06-11-1976), pág. 49.

⁷⁸ Aínda que nas do seminario se empregue a fórmula colectiva, o mesmo texto é recollido na revista 2C coa sinatura de Portela, que actúa como portavoz. V. SIAC, *Proyecto y ciudad histórica*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977, pág. 297; e GRUPO 2C, “Proyecto y ciudad histórica. El 1er SIAC”, 2C: *construcción de la ciudad*, 8 (1977), pág. 64. De feito, outros arquitectos como Manuel Gallego e Rafael Baltar, que dirixiron un dos grupos de traballo, se ben valoraban a celebración do SIAC como contorna de debate, non se amosaban tan sintonizados con algunhas formulacións teóricas do seminario ou botaban en falta outras. V. Manuel GALLEGO JORRETO, “Nacemento do SIAC”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.]; Rafael BALTAR TOJO, *Arquitectura y preexistencias: una referencia gallega*, Sada, Edicións do Castro, 1991, pág. 79.

cos galegos e Rossi fraguouse nunha cea nun restaurante de Barcelona⁷⁹. Para alén deste documentario, o labor de Soler e Turbau en Galiza será longo, podendo citar neste senso *Gitanos sin romancero*, un retrato das condicións de vida da comunidade xitana de Campañó, cuxas casas, retratadas por Turbau, foran deseñadas por Campos e Portela; ou *Autopista: unha navallada á nosa terra*, novamente en relación coa posición dalgúns arquitectos do COAG en contra da construción da Autoestrada do Atlántico.

A CHEGADA DO PERÍODO AUTONÓMICO: NOVOS ESCENARIOS, NOVAS INICIATIVAS

Para alén das precisións que cabe facer sobre o alcance dos discursos máis combativos do COAG nestes anos, o certo é que o avance cara á autonomía, cando menos, xeraba un novo marco institucional que podía recoller as arelas de salvagarda do patrimonio e de ordenación territorial e urbana que reivindicaba o colexio. En palabras de Iago Seara⁸⁰, aparecía unha nova administración máis sensíbel ao feito diferencial, cuxas competencias substituirían en moitos casos o labor de arbitraje que exercía o COAG durante os seus primeiros anos. Neste sentido, algúns arquitectos que participaban activamente na dinámica colexial nos anos setenta acabarán ocupando postos técnicos na nova administración. Para Pascuala Campos, como lle confesa a Berta Rey Wonenburguer nunha entrevista da revista feminista *Andaina*, a liña dos primeiros decanos de denuncia urbanística e defensa patrimonial foi mudando posteriormente cara a *intereses profesionais moi limitados*⁸¹. Este tipo de reflexións pódense extrapolar tamén ao caso da Escola da Coruña. Xan Casabella, pertencente ás primeiras xeracións saídas da escola, laiábase da ausencia dunha dinámica de debate e discusión nun panorama moi individualizado⁸² e traducido en loitas que frustraban as posibilidades de experimentación que ofrecía o novo marco político⁸³.

Non obstante, o COAG manterá a arquitectura no centro do debate cultural e político de Galiza. Nese sentido, as tres edicións das Xornadas de Arquitectura Galega (Fig. 8)⁸⁴, celebradas en Poio (1977), Cambados (1979) e Santiago (1981)⁸⁵, xurdiron como mais unha iniciativa contra o *enclaustramento* en si mesmo do mundo da arquitectura e a posta a disposición do seu labor para o medio cultural galego⁸⁶, con reflexións sobre o medio, o futuro da arquitectura tradicional e o patrimonio, a posta en común de intervencións arquitectónicas e urbanas e outros temas de debate no momento⁸⁷. A estas xornadas sucederíanlles congresos de grande formato, cun considerábel incremento en participación, implicación, financiamento e apoio institucional, entre os que cabería destacar o Seminario Internacional de Arquitectura Galega (1985), unha “reedición” do SIAC de 1976 con maiores medios, e o Congreso Internacional de Arquitectura Institucional (1990), quizais o maior evento destes anos finais do século XX. De feito, este último evento, cunha denuncia xeneralizada das novas problemáticas do marco autonómico, é o perfecto testemuño de que, aínda que a aparición da autonomía terminaba coa soidade institucional preautonómica do COAG na posta en común de debates e reivindicacións, o seu papel debía seguir a ser o de arbitrar e sinalar aquelas cuestións que lastraban o avance da arquitectura e, por conseguinte, da sociedade.

Sexa como for, e malia as limitacións, as personaxes máis involucradas na vida cultural colexial facían un balance positivo dos primeiros anos de vida. Co gallo do seu décimo aniversario, a Comisión

⁷⁹ Llorenç SOLER, “Galicia e eu (unha historia de amor)”, en *Llorenç Soler, dunha beira a outra*, A Coruña, Centro Galego de Artes da Imaxe, 1994, páxs. 39-40.

⁸⁰ SEARA, “Arquitectura, segunda...”, páxs. 448-449.

⁸¹ Pascuala CAMPOS MICHELENA, “Pascuala Campos de Michelena: entrevista”, entrevista por Berta Rey Wonenburguer, *Andaina: revista do Movemento Feminista Galego*, 27 (2000), pág. 20.

⁸² Xan CASABELLA LÓPEZ, “Galicia frente a Europa: arquitectura”, *Luzes de Galiza*, 14/15 (1989), pág. X.

⁸³ Xan CASABELLA LÓPEZ, “A arquitectura galega do século XX”, *Luzes de Galiza*, 3 (1986), pág. 23.

⁸⁴ Sobre estas, V. Miguel SILVA, “As xornadas de arquitectura galega”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].

⁸⁵ Sobre esta edición, en que se implicaron outros sectores culturais e políticos representativos da cidade, *La Voz de Galicia* dedicou o suplemento de Cultura de 30-04-1981, así como a cobertura ás xornadas entre o 1 e 03-05-1981.

⁸⁶ Xosé BAR BÓO, “Alocución inaugural”, *Obradoiro*, 1 (1978), pág. 3.

⁸⁷ As comunicacións da primeira edición foron publicadas no número 1 de *Obradoiro* (1978), mentres que os contidos das dúas seguintes edicións viron a luz nos volumes do COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG) *Galicia. A destrución e a integración do patrimonio arquitectónico. III Xornadas de arquitectura galega* (Vigo, COAG, 1981) e *Galicia. Patrimonio arquitectónico, cidade e territorio. II e III xornadas de arquitectura galega* (Santiago de Compostela, COAG, 1984).

de Cultura vindicaba no seu *Boletín* (núm. 24, xuño de 1985) a satisfacción do traballo realizado sen deixar de se laiar polo seu *escaso eco* no conxunto do colexio⁸⁸. Celestino García Braña, en particular, puña en valor o carácter vangardista da Comisión, a súa inflexión no coñecemento da realidade galega e o valor social da súa actividade como alternativa á resolución individual dos problemas⁸⁹.



Fig. 8. Portadas do especial de *Obradoiro*, 1 (1978) coas actas das I Xornadas de Arquitectura Galega e dos libros de actas da II e III edicións.

CONCLUSIÓNS

Fronte a un terreo case ermo no panorama galega, fica patente que a traxectoria inicial do COAG xerou unha novo paradigma de debate e interrelación coa cultura do mundo da arquitectura galega. Aínda que é certo que en ocasións se mostrou algo desligado das realidades sociais e demasiado centrado no debate intelectual e profesional, a práctica ausencia anterior deste tipo de infraestruturas profesionais debe levarnos a concluír que os anos setenta inauguraron un novo tempo para a arquitectura en Galiza, con novos ecos e dinamismos.

Aínda que se falou do COAG como institución, o labor e discurso profesionais colectivos emanados del deben ser matizados nalgúns cuestións. As chamadas de atención ás derivas do colexio despois da chegada da autonomía, as críticas á falta de debate, as disidencias dalgúns colexiais cara aos órganos de goberno ou as queixas da Comisión de Cultura pola falta de participación dos colexiados obrigan a taxar o alcance e éxito da nova institución, cando menos en termos absolutos. A pesar destes matices e límites en termos de representatividade, estes non invalidan a relevancia dunha asociación profesional absolutamente inédita en Galiza e cunhas perspectivas e abertura cara ao exterior practicamente impensábeis até uns anos antes do nacemento do COAG. Sexa como for, ao longo destas liñas pretendeuse traer a colación algúns episodios non moi frecuentes en historiografías xa existentes, así como tentar bocexar un retrato amplo e plural das diferentes sensibilidades que agromaban dentro e ao redor do colexio. Así, sen negar o seu éxito e importancia en termos relativos a acontecementos tan destacados como o SIAC, púidose ver que non existiu un absoluto quórum nas súas formulacións e desenvolvemento, con críticas no propio seo do COAG e entre os participantes que ofrecen unha visión alternativa ás tradicionais e case teleolóxicas visións que o reducen a un heroico episodio sen matices na articulación profesional da arquitectura galega.

En definitiva, sexa maior ou menor o seu carácter representativo, a súa integración real na vida da sociedade galega dos setenta ou a transcendencia do universo xerado ao seu redor, o COAG serviu como marco para o establecemento no país dos principais debates arquitectónicos e urbanísticos do momento e recolleu tamén as vellas arelas de mudanza e de autonomía política para Galiza.

⁸⁸ COMISIÓN DE CULTURA, “Comisión de cultura...”, [s. p.].

⁸⁹ Celestino GARCÍA BRAÑA, “Diez años de actividad cultural del COAG”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].

DECLARACIÓN DE CONFLITO DE INTERESES

O autor deste artigo declara non ter conflitos de intereses financeiros, profesionais ou persoais que puideran ter influído de maneira desapropiada neste traballo.

FONTES DE FINANCIAMENTO

Esta investigación recibiu o apoio da Axuda da Xunta de Galicia para Grupos de Referencia Competitiva 2023 (Proxectos Plan Galego IDT, Consolidación e Estruturación 2023, GRC, ED431C-2023/21) recibida polo GI-1510 Investigación e Desenvolvemento en Artes e Humanidades (USC-IDEAHS), a que pertencía o autor durante a redacción do texto.

BIBLIOGRAFÍA

- Almuíña, Carlos, “O caso do edificio Castromil”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].
- Alonso Pereira, José Ramón, *Cincuenta años de vida colegial. Crónica y análisis de medio siglo de historia del Colegio de León, Asturias y Galicia*, Oviedo, Colegio Oficial de Arquitectos de Asturias, 1982.
- Alonso Pereira, José Ramón, “Metáfora y mito: tránsito entre modernidad y contemporaneidad en la arquitectura de Galicia”, en *Modernidad y contemporaneidad en la arquitectura de Galicia*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2012, páxs. 15-39.
- Alonso Pereira, José Ramón, *La arquitectura de Galicia: dos mil años de historia*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2023.
- Baldellou, Miguel Ángel, “Panorama de la arquitectura actual en Galicia”, *Hogar y arquitectura*, 96 (1971), páxs. 16-54.
- Baldellou, Miguel Ángel, *Lugar, memoria e proxecto: Galicia (1974-1994)*, Santiago de Compostela; Madrid, Consello da Cultura Galega; Electa, 1995.
- Baldellou, Miguel Ángel, “Del exilio y otras soledades”, *P+C, proyecto y ciudad. Revista de temas de arquitectura*, 9 (2018), páxs. 67-78.
- Baltar Tojo, Rafael, “Encontro Santiago: Sert-Bonet-Candela”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].
- Baltar Tojo, Rafael, *Arquitectura y preexistencias: una referencia gallega*, Sada, Edición do Castro, 1991.
- Baltar Tojo, Rafael, “Nacemento do Museo do Pobo Galego”, *Obradoiro*, 23 (1994), páxs. 17-21.
- Bar Bóo, Xosé, “Alocución inaugural”, *Obradoiro*, 1 (1978), páx. 3.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón, *Historia contemporánea de Galicia: ideología y cultura*, Bilbao, La Gran Enciclopedia Vasca, 1983 (Serie *Historia de Galicia*, 17).
- Beiras García-Sabell, Daniel, “A arquitectura da ruptura”, n’*As miradas de Isaac. Centenario de Isaac Díaz Pardo (1920-2020)*, Santiago de Compostela, Fundación Cidade da Cultura, 2020, páxs. 215-235.
- Bustos, Carlos, e Palacios Gonzalo, José Carlos, “El seminario de Santiago”, *Arquitectura*, 201 (1976), páxs. 61-66.
- Campos Michelena, Pascuala, “Pascuala Campos de Michelena: entrevista”, entrevista por Berta Rey Wonenburguer, *Andaina: revista do Movemento Feminista Galego*, 27 (2000), páxs. 19-24.
- Casabella López, Xan, “A arquitectura galega do século XX”, *Luzes de Galiza*, 3 (1986), páx. 23.
- Casabella López, Xan, “Galicia frente a Europa: arquitectura”, *Luzes de Galiza*, 14/15 (1989), páxs. VII–XIV.
- Casabella López, Xosé Manuel, “Os primeiros cursos da Escola”, en Antonio Río Vázquez (ed.), *I.doc: documentos da escola técnica superior de arquitectura da Coruña*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2009, páxs. 5-28.
- “Clausurada en Santiago la III Reunión de Archivos Históricos de Colegios de Arquitectos”, *La Voz de Galicia* (16-12-1973), páx. 12.
- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, “O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia pide amnistía xeral”, *La Voz de Galicia* (23-07-1976), páx. 19.
- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, ““Galicia foi sometida a un longo proceso de marxinação e dependencia que a enfrenta hoxe a unha situación tal que esixe medidas radicales””, *La Voz de Galicia* (25-07-1976), páx. 37.
- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, *Galicia. A destrución e a integración do patrimonio arquitectónico. III Xornadas de arquitectura galega*, Vigo, COAG, 1981.

- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, *Galicia. Patrimonio arquitectónico, cidade e territorio. II e III xornadas de arquitectura galega*, Santiago de Compostela, COAG, 1984.
- Comisión de Cultura, “O Museo do Pobo Galego”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 4 (1974), páxs. 43-47.
- Comisión de Cultura, “Presentación”, *Obradoiro*, 0 (1978), páxs. 2-3.
- Comisión de Cultura, “Comisión de cultura: feliz aniversario!”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].
- “Créase un ‘Museo do Pobo Galego’ pra evitar o estrago da súa cultura antropolóxica i etnográfica”, *La Voz de Galicia* (31-12-1975), pág. 8.
- “Declaración de Santiago”, *Boletín informativo*, 1 (xaneiro de 1974), [s. p.].
- Díaz-Fierros Viqueira, Francisco, “O novo Seminario de Estudos Galegos”, en Ramón Villares (ed.), *Luz na Terra: o Seminario de Estudos Galegos, unha institución de alta cultura*, Santiago de Compostela, Fundación Cidade da Cultura, 2023, páxs. [222]-231.
- “En quince años nuestras ciudades han dejado de ser las más bellas del mundo para convertirse en las más feas”, *La Voz de Galicia* (26-04-1975), pág. 15.
- “Escrito de cuarenta y ocho arquitectos sobre el edificio ‘Castromil’”, *La Voz de Galicia* (22-05-1974), pág. 9.
- Expósito, Elena, e Segade Lodeiro, Manuel (eds.), *Avance dunha continxencia: arquitectura contemporánea en Galicia*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura e Deporte, 2007.
- Fernández-Albalat Lois, Andrés, “Apunte dos comezos do Museo do Pobo Galego”, *Obradoiro*, 23 (1994), pág. 16.
- Fernández Cerviño, María Xosé, “O Seminario de Estudos Galegos e o Museo do Pobo Galego. Unha filiación”, en Ramón Villares (ed.), *Luz na Terra: o Seminario de Estudos Galegos, unha institución de alta cultura*, Santiago de Compostela, Fundación Cidade da Cultura, 2023, páxs. [212]-221.
- “Finalizó sus reuniones en Santiago el Consejo Superior de Arquitectos de España”, *La Voz de Galicia* (13-02-1974), pág. 9.
- Fraga Rivas, Salvador, e Malo de Molina, Julio: “Aldo Rossi: una alternativa progresista para la arquitectura”, *Triunfo* (06-11-1976), pág. 49.
- Gallego Jorrete, Manuel, “O medio rural galego e a súa arquitectura”, n’*A Galicia rural na encrucillada*, Vigo, Galaxia, 1975, páxs. 75-109.
- Gallego Jorrete, Manuel, “A ordenación de Galicia e o Seminario de Estudos Galegos”, en *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*, Sada, Edicións do Castro, 1978 (Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia, 5), páxs. 47-52.
- Gallego Jorrete, Manuel, “Nacemento do SIAC”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].
- García Braña, Celestino, “Diez años de actividad cultural del COAG”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].
- García Martínez, Carlos, e Fernández Cerviño, María Xosé, “A roda e a dorna. Xaquín Lorenzo e o Museo do Pobo Galego”, *Boletín da Real Academia Galega*, 365 (2004), páxs. 123-134, <<https://doi.org/10.32766/brag.365.252>>.
- García Morales, Mariano, *Los colegios de arquitectos de España (1923-1965)*, València, Castalia, 1975.
- Gómez Román, Manuel, “Discurso de entrada na Real Academia Galega”, *Obradoiro*, 17 (1990), páxs. 19-20.
- Grupo 2C, “Proyecto y ciudad histórica. El 1er SIAC”, *2C: construcción de la ciudad*, 8 (1977), páxs. 52-66.
- Iglesias Veiga, Xosé Ramón, “Conflictos entre titulados: mestres de obras e arquitectos na cidade de Vigo (1800-1925)”, *Glaucois: boletín do Instituto de Estudos Vigueses*, 2 (1996), páxs. 185-203.
- “Información da Comisión de Cultura”, *Boletín informativo*, 4 (abril de 1974), [s. p.].
- “Informe da reunión”, *Boletín informativo*, 1 (xaneiro de 1974), [s. p.].
- “Informe do decano sobre a Xunta de Goberno de 4 de decembro de 1973”, *Boletín informativo*, 1 (xaneiro de 1974), [s. p.].
- “Informe para a constitución da Comisión de Cultura”, *Boletín informativo*, 2 (febreiro de 1974), [s. p.].
- Laboratorio de Formas de Galicia, *Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia*, 1, Sada, Edicións do Castro, 1970.
- “La conservación del edificio ‘Castromil’ en Santiago”, *Diario de Pontevedra* (23-05-1974).
- Llano Cabado, Pedro de, “Arquitectura galega: mutación ou reencarnación”, *Grial*, 101 (1989), páxs. 12-20.
- López Gómez, Felipe Senén, “Orixes e orixinalidade do arquitecto Gallego Jorrete”, *Ágora do Orsellón*, 36 (2019), páxs. 119-136.
- Macías, Francisco, *De Quiqui Bar... a Castromil*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago; Edicións Positivas, 2017.

- Mariño, Luís, “Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 6, Santiago de Compostela, Silverio Cañada, páxs. 247-249.
- “O Museo do Pobo Galego contará con unha asesoría económica”, *La Voz de Galicia* (17-09-1976), pág. 39.
- “Onte en Santiago constituíuse o Patronato do ‘Museo do Pobo Galego’”, *La Voz de Galicia* (01-08-1976), pág. 21.
- Palmeiro, X., “Aprobados os estatutos do ‘Museo do Pobo Galego’”, *La Voz de Galicia* (25-04-1976), pág. 10.
- Páramo, Ana, “Inaugurada la exposición sobre ‘La Terraza’ de Sada”, *La Voz de Galicia* (11-08-1976), pág. 24.
- Portela, César; Rossi, Aldo, e Tarragó i Cid, Salvador, “Prólogo”, en *Proyecto y ciudad histórica*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977, pág. 7.
- Portela, César, “La ordenación del territorio, el transporte y la vivienda”, en *Galicia: realidad económica y conflicto social*, A Coruña, Banco de Bilbao, 1998, páxs. 299-343.
- Portela, César, “Una conversación pausada entre Carlos Martí y César Portela”, en Carlos Martí Aris (ed.), *Cementerio Municipal en Fisterra, 1997-1999. César Portela*, Almería, Colegio de Arquitectos de Almería, 2010, páxs. 11-28.
- Rafael González Villar e a súa época, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos; Grupo Brais Pinto, 1975.
- Rey Pichel, José Manuel, e Costa Buján, Pablo, “A arquitectura, unha dimensión da universidade galega. O Colexio Oficial de Arquitectos e a súa actividade cultural”, en *Gallaecia Fulget (1495-1995): cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1995, páxs. 600-605.
- Río Vázquez, Antonio, *La recuperación de la modernidad: arquitectura gallega entre 1954 y 1973*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2014.
- Río Vázquez, Antonio, “El Laboratorio de Formas de Galicia: reconstruyendo la identidad regional a través de la arquitectura”, *ZARCH. Journal of Interdisciplinary Studies in Architecture and Urbanism*, 3 (2015), páxs. 30-41.
- Río Vázquez, Antonio, “‘Todo Santiago era un SIAC’. Aldo Rossi en Galicia: presencia e influencia”, *Varia*, 3 (2022), páxs. 134-143.
- Rodríguez Caramés, Santiago, “Arquitectura e militancias aquí e alén; a imaxe de Galiza e a modernidade en Caridad Mateo e Gómez Román”, *Mazarelos: revista de historia e cultura*, 2 (2020), páxs. 29-40.
- Rodríguez Caramés, Santiago, “As conexións italiana e catalá na arquitectura galega de fin de século: a recepción de Aldo Rossi (1973-1997)”, *Quintana: revista do Departamento de Historia da Arte*, 22 (2023), páxs. 1-31.
- Rodríguez Caramés, Santiago, e Sánchez García, Jesús Ángel, “Edificio Castromil (Santiago de Compostela)”, en Jesús Ángel Sánchez García, Alfredo Vigo Trasancos e Julio Vázquez Castro (eds.), *Arquitecturas añoradas. Memoria gráfica del patrimonio destruido en Galicia*, Gijón, Trea, 2023, páxs. 583-600.
- Rossi, Aldo, “Ciudad y proyecto”, en *Proyecto y ciudad histórica*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977, páxs. 17-24.
- Rossi, Aldo, 20. “Discurso di Santiago”. 19 luglio 76 - ottobre 76, Milán, Electa, 1999 (*I quaderni azzurri*, 20), [s. p.].
- “Rueda de Prensa con los arquitectos Antonio Bonet y Félix Candela”, *La Voz de Galicia* (20-05-1975), pág. 13.
- Seara, Iago, “Arquitectura, segunda metade do XX”, en José Manuel López Vázquez e Iago Seara Morales, *Galicia. Arte. Tomo 15: Arte contemporánea*, A Coruña, Hércules, 1993 (Proxecto editorial Galicia, dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias), páxs. 322-514.
- Seara, Iago, “Arquitectura de avangarda en Galicia: dos anos trinta aos nosos días”, *Galicia internacional*, 12 (1996), páxs. 80-85.
- SIAC, *Proyecto y ciudad histórica*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1977.
- Silva, Miguel, “As xornadas de arquitectura galega”, *Boletín da Comisión de Cultura do COAG*, 24 (1985), [s. p.].
- Soler, Llorenç, “Galicia e eu (unha historia de amor)”, en Llorenç Soler, *dunha beira a outra*, A Coruña, Centro Galego de Artes da Imaxe, 1994, páxs. 39-40.
- Soneira Beloso, Begoña, *Unha ollada ó Laboratorio de Formas ós 44 anos da súa creación: un emprendemento pensado por exiliados no Río de la Plata*, Sada, Edicións do Castro, 2007.
- Soraluce Blond, José Ramón, *Historia de la arquitectura gallega: del dolmen de Dombate a la Ciudad de la Cultura*, vol. 2, A Coruña, Hércules, 2020.
- Tarragó i Cid, Salvador, “Aldo Rossi o la construcción dialéctica de la arquitectura”, *2C: construcción de la ciudad*, 2 (1975), páxs. 2-7.
- Tarragó i Cid, Salvador, “X.B.B. Super Star: Xosé Bar Bóo, ciudadano y arquitecto integrales”, en *Xosé Bar Bóo: arquitecto*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1996, páxs. 24-33.